

18398 REAL DECRETO 1369/2007, do 19 de outubro, relativo ao establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos que utilizan enerxía. («BOE» 254, do 23-10-2007.)

Este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/32/CE, do Parlamento Europeo e do Consello do 6 de xullo de 2005, que instaura un marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos que utilizan enerxía, cuxo fin é conseguir un elevado nivel de protección do ambiente mediante a redución do posible impacto ambiental dos produtos que utilizan enerxía para o seu funcionamento e mellorando a eficiencia enerxética dos produtos industriais ao mesmo tempo que se manteñen as súas calidades funcionais. Para lograr este obxectivo é necesario actuar durante a fase de deseño do produto, xa que a contaminación provocada durante o seu ciclo de vida se determina precisamente durante esta fase.

No ámbito establecido pola Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, así como no do Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial, a norma regulamentaria que se aproba establece o marco a través do cal se desenvolverá, mediante novas disposicións ou mediante medidas de execución, o establecemento dos requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos que unha vez comercializados ou postos en servizo, dependen dunha fonte de enerxía (electricidade, combustibles fósiles e fontes de enerxía renovables) para o seu funcionamento.

En todo caso, consonte a Directiva 2005/32/CE, cométtelle á Comisión Europea a adaptación das medidas de execución, mediante as cales se establecen requisitos de deseño ecolóxico necesarios para determinados produtos que utilizan enerxía (PUE) ou os seus aspectos ambientais e, por outra parte, a avaliación da admisibilidade dos acordos voluntarios de autorregulación, que constitúen unha alternativa a esas medidas.

De acordo co disposto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta disposición foi sometida ao trámite de audiencia e remitíuselles aos sectores industriais afectados. Así mesmo, os órganos competentes das comunidades autónomas foron consultados e finalmente este real decreto foi sometido ao informe do Consello de Coordinación para a Seguranza Industrial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2007,

DISPONGO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Constitúe o obxecto deste real decreto o establecemento dos requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos que dependan dunha fonte de enerxía para o seu funcionamento, co fin de contribuír ao desenvolvemento sustentable e á protección do ambiente, a través do incremento da eficiencia enerxética, da diminución da contaminación e do incremento da seguranza do abastecemento enerxético.

2. O disposto neste real decreto aplicaráselles aos produtos a que resulten aplicables medidas de execución e que unha vez comercializados utilicen ou dependan dunha fonte de enerxía para a súa posta en servizo e funcionamento.

3. Este real decreto non se lles aplicará aos medios de transporte de persoas ou mercadorías.

4. Este real decreto e as medidas de execución entenderanse sen prexuízo da lexislación comunitaria aplicable en materia de xestión de residuos e de produtos químicos, incluída a lexislación comunitaria sobre gases fluorados de efecto invernadoiro.

Artigo 2. Definicións.

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

1) Produto que utiliza enerxía (PUE): todo produto que, unha vez comercializado ou posto en servizo, depende dunha fonte de enerxía (electricidade, combustibles fósiles e fontes de enerxía renovables) para funcionar da maneira prevista, o un produto destinado á xeración, transferencia ou medición desa enerxía, incluídas as partes que dependen dunha fonte de enerxía e están destinadas a se incorporar aos PUE, recollidas neste real decreto e comercializadas ou postas en servizo como partes individuais para usuarios finais, e cuxo comportamento ambiental se pode avaliar de xeito independente;

2) Compoñentes e subconxuntos: partes destinadas a ser incorporadas aos PUE e que non se comercializan nin se poñen en servizo como partes individuais para usuarios finais ou cuxo comportamento ambiental non se pode avaliar de forma independente;

3) Medidas de execución, medidas adoptadas pola Comisión Europea conforme a Directiva 2005/32/CE, mediante as cales se establecen requisitos de deseño ecolóxico necesarios para determinados PUE ou os seus aspectos ambientais;

4) Comercialización: primeira posta á disposición dun PUE no mercado comunitario con vistas á súa distribución ou utilización na Comunidade Europea, mediante pagamento ou de maneira gratuíta e con independencia da técnica de venda;

5) Posta en servizo: a primeira utilización dun PUE para o seu fin pretendido por parte do usuario final na Comunidade Europea;

6) Fabricante: toda persoa física ou xurídica que fabrique PUE cubertos por este real decreto e sexa responsable da súa conformidade, con vistas á súa comercialización ou posta en servizo baixo o seu propio nome ou a súa propia marca ou para o seu propio uso. Na ausencia do fabricante ou do importador tal como se define no parágrafo 8, considerarase fabricante toda persoa física ou xurídica que comercialice ou poña en servizo PUE cubertos por este real decreto;

7) Representante autorizado: toda persoa física ou xurídica establecida na Comunidade Europea que recibise do fabricante un mandato escrito para levar a cabo no seu nome a totalidade ou parte das obrigas e dos trámites relacionados con este real decreto;

8) Importador: toda persoa física ou xurídica establecida na Comunidade Europea que introduza no mercado comunitario un produto dun país terceiro no exercicio da súa actividade profesional;

9) Materiais: todos os materiais utilizados durante o ciclo de vida dos PUE;

10) Deseño do produto: conxunto de procesos que transforman os requisitos legais, técnicos, de seguranza, funcionais, do mercado ou doutro tipo que debe cumprir o PUE na especificación técnica para ese PUE;

11) Aspecto ambiental: un elemento ou función dun PUE que pode interactuar co ambiente durante o seu ciclo de vida;

12) Impacto ambiental: calquera cambio no ambiente, provocado total ou parcialmente por un PUE durante o seu ciclo de vida;

13) Ciclo de vida: etapas consecutivas e interrelacionadas dun PUE, desde o uso da súa materia prima ata a súa eliminación final;

14) Reutilización: toda operación que permite destinar un PUE ou os seus compoñentes, logo de ter alcanzado o final da súa primeira utilización, ao mesmo uso para o cal foron concibidos, incluído o uso continuado dun PUE devolto a un punto de recollida, un distribuidor, unha empresa de reciclaxe ou un fabricante, así como a reutilización dun PUE despois do seu reacondicionamento;

15) Reciclaxe: o reprocesamento dos residuos, dentro dun proceso de produción, para a súa finalidade inicial ou para outros fins, salvo a valorización enerxética;

16) Valorización enerxética: o uso de residuos combustibles para xerar enerxía a través da súa incineración directa con ou sen outros residuos, pero con recuperación de calor;

17) Valorización: calquera das operacións definidas como de valorización e enumeradas na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

18) Residuos: calquera das substancias ou produtos definidos como residuos e dos cales o seu posuidor se desprenda ou do que teña a intención ou a obriga de se desprender, incluídos nas categorías fixadas pola Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

19) Residuos perigosos: aqueles residuos definidos como residuos perigosos e incluídos na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

20) Perfil ecolóxico: unha descrición, de acordo coa medida de execución aplicable ao PUE, das entradas e saídas, tales como materiais, emisións e residuos, asociadas ao PUE ao longo do seu ciclo de vida, que sexan significativas desde o punto de vista do seu impacto ambiental e se expresen en cantidades físicas que se poidan medir;

21) Comportamento ambiental dun PUE: os resultados da xestión polo fabricante dos aspectos ambientais do PUE, tal como se reflicten na súa documentación técnica;

22) Mellora do comportamento ambiental: a mellora do comportamento ambiental dun PUE, en xeracións sucesivas, aínda que non necesariamente respectando todos os aspectos ambientais do produto simultaneamente;

23) Deseño ecolóxico: integración dos aspectos ambientais no deseño do produto co fin de mellorar o seu comportamento ambiental ao longo de todo o seu ciclo de vida;

24) Requisito de deseño ecolóxico: todo requisito en relación cun PUE, ou o deseño dun PUE, destinado a mellorar o seu comportamento ambiental ou para a subministración de información sobre os aspectos ambientais dun PUE;

25) Requisito xenérico de deseño ecolóxico: todo requisito de deseño ecolóxico baseado no perfil ecolóxico no seu conxunto dun PUE sen establecer valores límite para determinados aspectos ambientais;

26) Requisito específico de deseño ecolóxico: un requisito de deseño ecolóxico cuantificado e mensurable en relación cun aspecto ambiental concreto dun PUE, como o consumo de enerxía durante o uso, calculado para o rendemento dunha unidade de produción determinada e

27) Norma harmonizada: toda especificación técnica adoptada por un organismo de normalización recoñecido, consonte un mandato da Comisión, de conformidade cos procedementos establecidos na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, que establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, para os efectos de establecer un requisito europeo, cuxa observancia non sexa obrigatoria.

Artigo 3. *Comercialización e posta en servizo.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas, como responsables da vixilancia de mercado e no ámbito das súas competencias, para garantir que só se comercialicen e poñan en servizo os PUE que cumpran as medidas de execución adoptadas ou que, de ser o caso, se poidan adoptar, todo iso ao abeiro deste real decreto, e leven a marcación CE de conformidade co disposto no artigo 6; adoptarán todas as medidas axeitas de cara a:

a) Organizar controis adecuados á conformidade do PUE e retirar do mercado os PUE non conformes consonte o disposto no artigo 8 sobre cláusulas de salvagarda;

b) Solicitarlles a subministración de toda a información necesaria ás partes afectadas, tal como se especifica nas medidas de execución e

c) Tomar mostras de produtos e sometelas a probas de conformidade.

2. Sen prexuízo das actuacións de inspección e control que os órganos competentes en materia de industria das comunidades autónomas desenvolvan no seu ámbito territorial, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá promover plans e campañas de carácter nacional de comprobación, mediante mostraxe, sobre as condicións do cumprimento nos PUE das medidas de execución.

Artigo 4. *Control e actuación administrativa.*

1. Os órganos competentes para a aplicación do disposto neste real decreto serán os correspondentes das comunidades autónomas, de acordo co disposto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria e demais disposicións aplicables en materia de industria.

2. Os consumidores e outras partes interesadas terán a oportunidade de lles presentar ás autoridades competentes observacións sobre a conformidade dos produtos, de acordo co previsto nas normas que regulan a participación dos interesados no procedemento administrativo.

3. A Administración xeral do Estado manterá informada a Comisión Europea sobre os resultados, a nivel nacional, das actuacións de vixilancia do mercado, que lle serán facilitados polos órganos competentes das comunidades autónomas ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Así mesmo, a Administración xeral do Estado recibirá a información doutros Estados membros que transmita a Comisión Europea.

Artigo 5. *Responsabilidades do importador.*

Se o fabricante non está establecido na Comunidade Europea e non conta cun representante autorizado, o importador terá a obriga de:

a) Garantir que o PUE comercializado ou posto en servizo cumpre o disposto neste real decreto, así como a medida de execución aplicable; e

b) Manter a declaración de conformidade e a documentación técnica á disposición das autoridades competentes durante un período de polo menos dez anos despois da data en que este PUE se importou por última vez ao territorio comunitario.

Artigo 6. *Marcación CE e declaración de conformidade.*

1. Antes de comercializar e poñer en servizo un PUE cuberto polas medidas de execución, o fabricante ou o seu representante autorizado na Unión Europea deberá colocar a marcación de conformidade CE e emitir unha declaración de conformidade mediante a cal se garante e

se declare que o PUE cumpre todas as disposicións pertinentes da medida de execución aplicable.

2. A marcación CE colocárase de conformidade co anexo III e outorgará a presunción de conformidade dun PUE con todas as disposicións pertinentes da medida de execución aplicable.

3. A declaración de conformidade, referida á medida de execución aplicada e redactada nalguna das linguas oficiais da Unión Europea, preferentemente en castelán para os aparellos comercializados en España, deberá conter, polo menos, os elementos que se especifican no anexo VI.

4. As autoridades competentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, adoptarán as medidas necesarias para prohibir e impedir a colocación nos PUE, no seu envase ou nas instrucións de uso doutro tipo de marcacións semellantes á marcación CE, ben sexa en significado ou forma gráfica, que poidan inducir a erro a terceiros e crear confusión coa propia marcación CE.

5. Toda a información que se debe presentar conforme o anexo I, parte 2, sobre requisitos relativos á subministración de información, cando o PUE chegue ao usuario final, deberá estar redactada en castelán (pode incorporar ademais outros textos idénticos noutras linguas oficiais de España). En todo caso e, en particular, terase en conta:

a) Se a información se pode facilitar mediante símbolos harmonizados, códigos recoñecidos ou medidas doutro tipo;

b) O tipo de usuario previsto do PUE e a natureza da información que se deberá facilitar.

Artigo 7. *Libre circulación.*

1. Non se prohibirá, limitará, nin obstaculizará a comercialización nin a posta en servizo a causa dos requisitos de deseño ecolóxico relacionados cos parámetros de deseño ecolóxico recollidos no anexo I, parte 1, cubertos pola medida de execución aplicable, dun PUE que cumpra todas as disposicións pertinentes da medida de execución aplicable e leve a marcación CE consonte o artigo 6.

2. Non se prohibirá, limitará nin obstaculizará a comercialización nin a posta en servizo dun PUE que leve a marcación CE conforme o artigo 6 a causa dos requisitos de deseño ecolóxico relacionados cos parámetros de deseño ecolóxico recollidos no anexo I, parte 1, respecto dos cales a medida de execución aplicable dispoña que o requisito de deseño ecolóxico non resulta necesario.

3. Non se obstaculizará a presentación, por exemplo en feiras, exposicións e outras manifestacións semellantes, dos PUE que non cumpran as disposicións da medida de execución aplicable, sempre que se indique claramente, mediante unha indicación visible, que estes produtos non se comercializarán ou porán en servizo mentres non se axusten a este real decreto e á medida de execución aplicable.

Artigo 8. *Cláusula de salvagarda.*

1. Cando os órganos competentes das comunidades autónomas comprobren que un PUE, que leva a marcación CE a que se refire o artigo 6 e utilizado de conformidade co uso previsto, non cumpre todas as disposicións pertinentes da medida de execución aplicable, recaerá no fabricante ou no seu representante autorizado ou sobre quen fixase a dita marcación CE ou puxese o PUE no mercado nacional, a obriga de facer que o PUE cumpra as disposicións da medida de execución aplicable, as disposicións sobre a marcación CE e de poñer fin a tal infracción nas condicións establecidas por esa autoridade.

Cando haxa indicios suficientes de que un PUE poida non cumprir as disposicións pertinentes, as autoridades dos órganos competentes das comunidades autónomas adoptarán as medidas necesarias que, en función da gravidade do incumprimento, poderán chegar á prohibición da comercialización do PUE, ata que se restableza o cumprimento.

En caso de que persista o incumprimento, as autoridades dos órganos competentes das comunidades autónomas deberán tomar unha decisión para limitar ou prohibir a comercialización ou posta en servizo do PUE considerado ou asegurarse da súa retirada do mercado.

Calquera decisión adoptada seralle notificada canto antes ao interesado, con expresión dos recursos que procedan, órgano ante o cal se debesen presentar e prazo para interpoles.

2. A Administración competente que adoptase algunha das medidas tomadas en virtude do punto 1, comunicárallo inmediatamente ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que informará asemade a Comisión Europea e os demais Estados membros e indicará os motivos en que se basea e especificará, en particular, se a non-conformidade do produto obedece:

a) A un incumprimento dos requisitos da medida de execución aplicable;

b) Á aplicación incorrecta das normas harmonizadas a que se refire o artigo 10, número 2;

c) Ás deficiencias das propias normas harmonizadas a que se refire o artigo 10, número 2.

3. A Administración xeral do Estado adoptará as medidas oportunas atendendo á información da Comisión Europea sobre a xustificación da medida e garantindo a confidencialidade durante o procedemento.

4. En todo caso, as decisións adoptadas polas autoridades competentes conforme este artigo faranse públicas de maneira transparente.

5. Calquera decisión adoptada de conformidade con este real decreto sobre a retirada dun aparello do mercado, a prohibición ou restrición da súa comercialización ou posta en servizo, ou a restrición da súa libre circulación, incluírá a motivación exacta en que se basea esa decisión. Estas decisións notificaránselle coa maior brevidade á parte afectada, que será informada ao mesmo tempo dos recursos dispoñibles e dos prazos para a súa presentación, consonte o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Avaliación da conformidade.*

1. Antes de comercializar ou pór en servizo un PUE cuberto polas medidas de execución, o fabricante ou o seu representante autorizado deberá garantir que se leve a cabo unha avaliación da súa conformidade con todos os requisitos pertinentes da medida de execución aplicable.

2. Os procedementos de avaliación da conformidade especificaranse na medida de execución e permitiránlles aos fabricantes elixir entre o control interno do deseño previsto no anexo IV e o sistema de xestión previsto no anexo V.

Cando as autoridades competentes teñan serios indicios do probable incumprimento dun PUE, levarán a cabo o procedemento de verificación da conformidade do PUE, iniciando as medidas correctoras necesarias e o procedemento sancionador a que houber lugar, notificándollo, de ser o caso, ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio conforme o establecido no artigo 4.3 deste real decreto.

3. Se o deseño dun PUE cuberto polas medidas de execución é realizado por unha organización rexistrada de conformidade co Regulamento (CE) n.º 761/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, polo que se permite que as organizacións se adhi-

ran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS) e a función de deseño se inclúe no ámbito de aplicación dese rexistro, presumirase que o sistema de xestión desa organización cumpre os requisitos do anexo V deste real decreto.

Se o deseño dun PUE cuberto polas medidas de execución é realizado por unha organización que dispón dun sistema de xestión que inclúa a función de deseño do produto e que se aplique de conformidade con normas harmonizadas, cuxos números de referencia fosen publicados no «Diario Oficial de la Unión Europea», presumirase que ese sistema de xestión cumpre os requisitos correspondentes do anexo V.

4. Logo da comercialización ou posta en servizo dun PUE cuberto polas medidas de execución, o fabricante ou o seu representante autorizado deberá conservar todos os documentos pertinentes relativos á avaliación da conformidade realizada e as declaracións de conformidade expedidas, á disposición das autoridades competentes, durante un período de cando menos dez anos despois da data en que este PUE se fabricou por última vez.

Os documentos pertinentes estarán dispoñibles nun prazo de 10 días tras a solicitude formulada polas autoridades competentes.

5. Os documentos relativos á avaliación da conformidade e á declaración de conformidade a que se refire o artigo 6 poderán estar redactados nunha das linguas oficiais da Comunidade Europea e preferentemente en castelán para os aparellos comercializados en España.

Artigo 10. *Presunción de conformidade e normas harmonizadas.*

1. Considerarase que os PUE a que se aplicasen normas harmonizadas, cuxas referencias se publicasen no «Diario Oficial de la Unión Europea», se axustan aos requisitos pertinentes da medida de execución aplicable a que se refiren esas normas.

Esta presunción de conformidade enténdese que se limitará ao ámbito das normas harmonizadas aplicadas e aos requisitos pertinentes da medida de execución aplicable cubertos por tales normas harmonizadas.

2. Cando a Administración xeral do Estado considere que as normas harmonizadas, cuxa aplicación se supón que satisfai as disposicións específicas dunha medida de execución aplicable, non cumpren plenamente esas disposicións, iniciará o procedemento de información establecido no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, expondo os motivos.

3. Considerarase que os PUE que obtivesen a etiqueta ecolóxica comunitaria consonte o Regulamento (CE) n.º 1980/2000, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, relativo a un sistema comunitario revisado de concesión de etiqueta ecolóxica, cumpren os requisitos de deseño ecolóxico da medida de execución aplicable, sempre que a etiqueta ecolóxica cumpra eses requisitos.

Para os efectos da presunción de conformidade e no contexto deste real decreto cando outras etiquetas ecolóxicas, recoñecidas pola Comisión Europea como equivalentes, cumpran condicións semellantes á etiqueta ecolóxica comunitaria conforme o Regulamento (CE) 1980/2000, considerarase que os PUE, aos cales se concedesen esoutras etiquetas ecolóxicas, cumpren os requisitos de deseño ecolóxico da medida de execución aplicable, sempre que a etiqueta ecolóxica cumpra eses requisitos.

Artigo 11. *Requisitos para compoñentes e subconxuntos.*

As medidas de execución poderán obrigar os fabricantes ou os seus representantes autorizados que comercialicen ou poñan en servizo compoñentes ou subconxuntos, a facilitarlle ao fabricante dun PUE cuberto polas medidas de execución a información pertinente sobre a composición material e o consumo de enerxía, materiais ou recursos dos compoñentes ou subconxuntos.

En todo caso, a información achegada, por parte do fabricante ou do seu representante autorizado, será proporcionada e terá en conta a lexítima confidencialidade da información desde o punto de vista comercial.

Artigo 12. *Cooperación administrativa e intercambio de información.*

Para a cooperación administrativa e intercambio de información coa Comisión Europea e os Estados membros, onde a Administración xeral do Estado actuará como responsable, recorrerase, na medida do posible, aos medios electrónicos de comunicación e, en particular, para a aplicación do procedemento de información establecido no artigo 8 deste real decreto.

Artigo 13. *Pequenas e medianas empresas.*

A Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas fomentarán, en particular mediante o reforzo das redes e estruturas de axuda, que as pequenas e medianas empresas (PEME) e microempresas desenvolvan unha planificación ambiental, incluída a eficacia enerxética a partir do deseño do produto, e se adapten á futura lexislación europea.

Artigo 14. *Información ao consumidor.*

De conformidade coa medida de execución aplicable, os fabricantes garantirán, na forma que consideren apropiada, que se lles facilite aos consumidores de PUE toda a información necesaria, redactada en castelán (poden incorporar ademais outros textos idénticos noutras linguas oficiais de España), referida:

- a) Á información necesaria sobre a función que poden desempeñar na utilización sustentable do produto;
- b) Cando as medidas de execución así o requiran, o perfil ecolóxico do produto e as vantaxes do deseño ecolóxico.

Artigo 15. *Medidas de execución.*

1. As medidas de execución adoptadas establecerán requisitos de deseño ecolóxico de acordo co anexo I ou co anexo II e incluírán os elementos enumerados no anexo VII.

Introduciranse requisitos específicos de deseño ecolóxico para determinados aspectos ambientais que teñan un importante impacto ambiental.

As medidas de execución poderán dispor tamén que non resulte necesario o requisito de deseño ecolóxico en relación con algúns dos parámetros de deseño ecolóxico previstos no anexo I, parte 1.

2. As medidas de execución establecidas cumprarán cos seguintes criterios:

- a) Non se producirá un impacto negativo significativo na funcionalidade do produto, desde a perspectiva dos usuarios;
- b) Non se verán negativamente afectadas a saúde, a seguranza e o ambiente;
- c) Non se producirá un impacto negativo significativo nos consumidores, en particular respecto da accesibilidade e o custo do ciclo de vida do produto;

d) Non se producirá un impacto negativo significativo na competitividade da industria;

e) En principio, o establecemento dun requisito específico de deseño ecolóxico non se traducirá na imposición dunha tecnoloxía específica aos fabricantes;

f) Non se lle imporá ao fabricante unha carga administrativa excesiva.

3. Considerarase que un PUE está cuberto por unha medida de execución ou por unha medida de autorregulación se cumpre os seguintes criterios:

a) O PUE representará un volume significativo de vendas e comercio superior, con carácter indicativo, a 200.000 unidades na Comunidade Europea e no espazo dun ano segundo as cifras máis recentes;

b) O PUE, tendo en conta as cantidades comercializadas ou postas en servizo, terá un importante impacto ambiental dentro da Comunidade Europea, tal e como se define nas prioridades estratéxicas comunitarias recollidas na Decisión n.º 1600/2002/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xullo de 2002, pola que se establece o sexto Programa de acción comunitario en materia de ambiente;

c) O PUE terá posibilidades significativas de mellora polo que se refire ao impacto ambiental sen que iso supoña custos excesivos, tendo especialmente en conta:

1.º Que non exista outra lexislación comunitaria pertinente ou que non actuasen axeitadamente as forzas do mercado,

2.º Que exista unha ampla disparidade de comportamento ambiental entre os PUE dispoñibles no mercado con funcionalidade equivalente.

4. Cando sexa legalmente procedente, o director xeral de Desenvolvemento Industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá aprobar, no ámbito das súas competencias e mediante resolución, as actuacións que deriven das medidas de execución a que se refire este real decreto.

Artigo 16. *Autorregulación.*

1. Os acordos voluntarios ou outras medidas de autorregulación presentados como solucións alternativas ás medidas de execución, no contexto deste real decreto, serán obxecto dunha avaliación pola Comisión Europea conforme a Directiva 2005/32/CE, como mínimo, sobre a base do anexo VIII.

2. O director xeral de Desenvolvemento Industrial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá aprobar, no ámbito das súas competencias e mediante resolución, as actuacións que deriven dos acordos voluntarios ou outras medidas de autorregulación a que se refire o número anterior.

Artigo 17. *Réxime sancionador.*

Os incumprimentos do establecido neste real decreto e nas correspondentes medidas de execución sancionaranse, segundo corresponda, conforme o establecido no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria e, de ser o caso, nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

Disposición transitoria única. *Validez das medidas nacionais realizadas segundo o Real decreto 213/1992, do 6 de marzo, polo que se regulan as especificacións técnicas sobre o ruído na etiquetaxe dos aparellos de uso doméstico.*

Malia o establecido na disposición derogatoria única, para os aparellos domésticos incluídos no ámbito do Real decreto 213/1992, do 6 de marzo, poderanse seguir apli-

cando as medidas nacionais vixentes, sobre publicación da información e métodos de medición para a determinación do ruído aéreo, adoptadas conforme o citado real decreto, ata que se adopten novas medidas de execución consonte este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 213/1992, do 6 de marzo, polo que se regulan as especificacións sobre o ruído na etiquetaxe dos aparellos de uso doméstico e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 275/1995, do 24 de febreiro, relativo aos requisitos de rendemento para as caldeiras novas de auga quente alimentadas por combustibles líquidos ou gasosos.*

O Real decreto 275/1995, do 24 de febreiro, relativo aos requisitos de rendemento para as caldeiras novas de auga quente alimentadas por combustibles líquidos ou gasosos, queda modificado do seguinte xeito:

Un. Suprímese o artigo 5 sobre o sistema específico de marcas.

Dous. Engádesse un novo artigo 9 coa seguinte redacción:

«Artigo 9. *Medidas de execución.*

Este real decreto constitúe unha medida de execución, con respecto á eficiencia enerxética, no marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos que utilizan enerxía.»

Tres. Suprímese o punto 2 b) do anexo IV.

Cuarto. Elimínase o anexo V.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1062/1998, do 29 de maio, polo que se establecen os requisitos de rendemento enerxético dos frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados eléctricos de uso doméstico.*

Engádeselle un novo artigo 8 ao Real decreto 1062/1998, do 29 de maio, que establece os requisitos de rendemento enerxético dos frigoríficos, conxeladores e aparellos combinados eléctricos de uso doméstico, coa seguinte redacción:

«Artigo 8. *Medidas de execución.*

Este real decreto constitúe unha medida de execución, con respecto á eficiencia enerxética, no marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos que utilizan enerxía.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 838/2002, do 2 de agosto, que establece os requisitos de eficiencia enerxética dos balastos de lámpadas fluorescentes.*

Engádeselle un novo artigo 7 ao Real decreto 838/2002, do 2 de agosto, que establece os requisitos de eficiencia enerxética dos balastos de lámpadas fluorescentes, coa seguinte redacción:

«Artigo 7. *Medidas de execución.*

Este real decreto constitúe unha medida de execución, con respecto á eficiencia enerxética, no marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos que utilizan enerxía.»

Disposición derradeira cuarta. *Titulo competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nas regras 13.^a e 23.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre bases e coordinación da planificación xeral da economía e de protección do ambiente.

Disposición derradeira quinta. *Habilitacións normativas.*

1. O ministro da Presidencia, por proposta conxunta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente ditará, no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado, as disposicións de carácter exclusivamente técnico que resulten indispensables para asegurar a axeitada aplicación deste real decreto.

2. Nos mesmos termos, facúltanse para modificar as condicións técnicas establecidas neste real decreto e, en particular, nos seus anexos, para mantelo adaptado ás innovacións que se produzan no estado da técnica na materia e especialmente ao disposto nas normas de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira sexta. *Publicidade das medidas de execución e das normas harmonizadas.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, mediante resolución da Dirección Xeral de Desenvolvemento Industrial, ordenará a publicación das listas correspondentes ás normas harmonizadas e, de ser o caso, das medidas de execución aprobadas.

Ademais de publicarse no «Boletín Oficial del Estado», esas listas publicaranse, con carácter informativo, na páxina web do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. Tamén poderán ser obxecto de publicación na páxina web do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, igualmente con carácter informativo, os acordos voluntarios ou outras medidas de autorregulación a que se refire o artigo 16 deste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2005/32/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2005, que instaura un marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicable aos produtos que utilizan enerxía.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Método para establecer requisitos xenéricos de deseño ecolóxico

Os requisitos xenéricos de deseño ecolóxico tenden a mellorar o comportamento ambiental do PUE, centrándose en aspectos ambientais significativos sen establecer valores límite. O método consonte con este anexo aplicárase nos casos en que non resulte adecuado establecer valores límite para o grupo de produtos examinado.

Ao dispor das medidas de execución que establecen os requisitos de deseño ecolóxico conforme o artigo 15, para os PUE cubertos por estas medidas, determinaranse os requisitos adecuados sobre deseño ecolóxico entre os parámetros enumerados na parte 1, os requisitos sobre a achega de información entre os enumerados na parte 2 e os requisitos para o fabricante entre os enumerados na parte 3.

Parte 1. *Parámetros de deseño ecolóxico para os PUE*

1.1 Determinaranse os aspectos ambientais significativos con referencia ás seguintes fases do ciclo de vida do produto, na medida en que garden relación co seu deseño:

- a) Selección e uso de materias primas;
- b) Fabricación;
- c) Envasado, transporte e distribución;
- d) Instalación e mantemento;
- e) Utilización;
- f) Fin de vida útil, entendéndose por iso o estado dun PUE que chegou ao final da súa primeira utilización ata a eliminación final.

1.2 En cada fase avaliaranse, de ser o caso, os seguintes aspectos ambientais:

- a) Consumo previsto de materiais, de enerxía e doutros recursos, como auga doce;
- b) Emisións previstas á atmosfera, á auga ou ao solo;
- c) Contaminación prevista mediante efectos físicos como o ruído, a vibración, a radiación, os campos electromagnéticos;
- d) Xeración prevista de residuos;
- e) Posibilidades de reutilización, reciclaxe e valorización de materiais e/ou de enerxía, tendo en conta a Directiva 2002/96/CE, trasposta mediante Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

1.3 En particular, utilizaranse os seguintes parámetros, segundo proceda, e complementaranse con outros, en caso necesario, para avaliar o potencial de mellora dos aspectos ambientais mencionados no punto anterior:

- a) Peso e volume do produto;
- b) Utilización de materiais procedentes de actividades de reciclaxe;
- c) Consumo de enerxía, auga e outros recursos ao longo do ciclo de vida;
- d) Utilización de substancias clasificadas como perigosas para a saúde ou o ambiente, de conformidade coa Directiva 67/548/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1967, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas en materia de clasificación, embalaxe e etiquetaxe das substancias perigosas e tendo en conta a lexislación relativa á comercialización e ao uso de determinadas substancias, como as directivas 76/769/CEE ou 2002/95/CE;
- e) Cantidade e natureza de consumibles necesarios para un mantemento e utilización axeitados;
- f) Facilitade de reutilización e reciclaxe, expresada mediante: número de materiais e compoñentes utilizados, utilización de compoñentes estándar, tempo necesario para a desmontaxe, complexidade das ferramentas necesarias para a desmontaxe, utilización de normas de codificación de materiais e compoñentes, co fin de determinar os compoñentes e materiais adecuados para a reutilización e a reciclaxe (incluída a marcación de partes plásticas de conformidade coas normas ISO), utilización de materiais facilmente reciclables, facilidade de acceso a compoñentes e materiais valiosos e reciclables, facilidade de acceso a compoñentes e materiais que conteñan substancias perigosas;

- g) Incorporación de compoñentes usados;
- h) Falta de utilización de solucións técnicas prexudiciais para a reutilización e a reciclaxe de compoñentes e aparellos completos;
- i) Extensión da vida útil expresada a través de: vida útil mínima garantida, prazo mínimo de dispoñibilidade de pezas de recambio, modularidade, posibilidade de ampliación ou mellora, posibilidade de reparación;
- j) Cantidade de residuos xerados e cantidade de residuos perigosos xerados;
- k) Emisións á atmosfera (gases de efecto invernadoiro, axentes acidificantes, compostos orgánicos volátiles, substancias que esgotan a capa de ozono, contaminantes orgánicos persistentes, metais pesados, partículas finas e partículas suspendidas), malia o disposto na Directiva 97/68/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1997, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros canto ás medidas contra a emisión de gases e partículas contaminantes procedentes dos motores de combustión interna que se instalen nas máquinas móbiles non de estrada;
- l) Emisións á auga (metais pesados, substancias con efectos nocivos no equilibrio de oxíxeno, contaminantes orgánicos persistentes);
- m) Emisións ao solo (especialmente verteduras e perdas de substancias perigosas durante a fase de utilización do produto e o potencial de lixiviación ao se eliminar como residuo).

Parte 2. *Requisitos relativos á subministración de información.*

As medidas de execución poderán requirir que o fabricante proporcione información que poida influír na maneira de tratar, utilizar ou reciclar o PUE por parte de interesados distintos do fabricante. Esta información poderá incluír, de ser o caso:

Información do deseñador relativa ao proceso de fabricación;

Información para os consumidores sobre as características e o comportamento ambientais significativos do produto que acompañe o produto cando se comercialice para que o consumidor poida comparar estes aspectos dos produtos;

Información para os consumidores sobre a maneira de instalar, utilizar e manter o produto para reducir ao máximo o seu impacto sobre o ambiente e garantir unha esperanza de vida óptima, así como sobre a forma de devolver o produto ao final da súa vida útil e, de ser o caso, información sobre o período de dispoñibilidade das pezas de recambio e as posibilidades de mellorar o produto;

Información para as instalacións de tratamento sobre a desmontaxe, reciclaxe ou eliminación ao final do seu ciclo de vida.

Sempre que sexa posible, a información deberase indicar no propio produto.

Esta información terá en conta as obrigas previstas noutras normas comunitarias, como a Directiva 2002/96/CE.

En todo caso, a información achegada, por parte do fabricante ou o seu representante autorizado, será proporcionada tendo en conta a lexitima confidencialidade da información sensible desde o punto de vista comercial.

Parte 3. *Requisitos para o fabricante.*

1. Requirirase que, tendo en conta os aspectos ambientais determinados na medida de execución como factores, en que se pode influír de maneira substancial a través do deseño do produto, os fabricantes de PUE realicen unha avaliación dun modelo de PUE ao longo do seu ciclo de vida, partindo de hipóteses realistas sobre as condicións normais e para os fins previstos. Poderanse examinar outros aspectos ambientais de forma voluntaria.

Sobre a base desta avaliación, os fabricantes elaborarán o perfil ecolóxico do PUE. Basearase nas características do produto pertinentes para o ambiente e nas entradas/saídas durante o ciclo de vida do produto, expresadas en cantidades físicas que se poidan medir.

2. Os fabricantes utilizarán esta avaliación para valorar solucións de deseño alternativas así como o comportamento ambiental do produto comparado con índices de referencia baseados na información obtida durante a preparación da medida de execución.

A elección dunha solución de deseño específica conseguirá un equilibrio razoable entre os diversos aspectos ambientais e entre os aspectos ambientais e outras consideracións pertinentes, como a saúde e a seguranza, os requisitos técnicos de funcionalidade, a calidade e o rendemento e os aspectos económicos, incluídos os custos de fabricación e de comerciabilidade, respectando asemade toda a lexislación pertinente.

ANEXO II

Método para establecer requisitos específicos de deseño ecolóxico

Os requisitos específicos de deseño ecolóxico teñen por obxecto mellorar un determinado aspecto ambiental do produto. Poden adoptar a forma de requisitos para un consumo reducido dunha determinada fonte, como os límites de utilización deste recurso nas diversas fases do ciclo de vida do PUE, segundo proceda (por exemplo, límites do consumo da auga nas fases de utilización ou das cantidades dun determinado material incorporado ao produto ou cantidades mínimas requiridas de material reciclado).

Ao dispor as medidas de execución que establecen os requisitos específicos de deseño ecolóxico conforme o artigo 15, para os PUE cubertos por estas medidas, determinarase os parámetros pertinentes de deseño ecolóxico entre os que figuran no anexo I, parte 1, e estableceranse os niveis deses requisitos do seguinte xeito:

1. Mediante unha análise técnica, ambiental e económica seleccionárase no mercado unha serie de modelos representativos do PUE de que se trate e identifícaranse as opcións técnicas para mellorar o comportamento ambiental do produto, tendo en conta a viabilidade económica das opcións e evitando calquera perda significativa de rendemento ou de utilidade para os consumidores.

Así mesmo, unha análise técnica, ambiental e económica determinará, polo que se refire aos aspectos ambientais de que se trate, os produtos e a tecnoloxía dispoñibles no mercado que proporcionen mellores resultados.

Deberíanse tomar tamén en consideración, durante esa análise e ao fixar os requisitos, os resultados dos produtos dispoñibles nos mercados internacionais e os criterios de referencia establecidos na lexislación doutros países.

Sobre a base desta análise e tomando en consideración a viabilidade económica e técnica e o potencial de mellora, adoptaranse medidas concretas co fin de minimizar o impacto ambiental do produto.

No que se refire ao consumo de enerxía durante a utilización, fixarase o nivel de eficiencia enerxética ou consumo de enerxía procurando que os modelos representativos de PUE teñan o mínimo custo do ciclo de vida para os usuarios finais, tendo en conta as consecuencias doutros aspectos ambientais. O método de análise do custo do ciclo de vida que utiliza unha taxa real de desconto facilitada polo Banco Central Europeo e unha vida realista para o PUE, baséase na suma das variacións do prezo de compra (derivadas das variacións dos custos industriais) e os gastos de explotación, que derivan dos diferentes niveis das opcións de melloras técnicas, actua-

lizados durante a vida útil dos modelos de PUE representativos considerados. Os gastos de explotación inclúen principalmente o consumo de enerxía e os gastos adicionais noutros recursos (como auga ou deterxente).

Levarase a cabo unha análise de sensibilidade que abrangue os factores pertinentes (como o prezo da enerxía ou outros recursos, o custo das materias primas ou os custos de produción, os descontos) e, cando proceda, os custos ambientais externos, incluídos os relacionados coa redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, para comprobar se existen cambios significativos e se as conclusións xerais son fiables. O requisito adaptárase consecuentemente.

Poderíase aplicar un método semellante a outros recursos como a auga.

2. Para o desenvolvemento das análises técnicas, ambientais e económicas, poderíase utilizar a información dispoñible no marco doutras actividades comunitarias.


O mesmo será de aplicación para a información dispoñible de programas existentes e aplicados noutras partes do mundo para establecer os requisitos específicos de deseño ecolóxico de PUE comercializados cos socios económicos da UE.

3. A data de entrada en vigor do requisito terá en conta o ciclo do novo deseño do produto.

ANEXO III

Marcación CE

A marcación CE consistirá nas iniciais CE coa seguinte forma:



A marcación CE deberá ter unha altura de polo menos 5 mm. En caso de se reducir ou aumentar o seu tamaño, deberánse conservar as proporcións deste logotipo.

A marcación CE deberá colocarse no PUE. Se iso non for posible, deberá colocarse no envase e na documentación complementaria.

Cando o PUE estea suxeito a outras directivas comunitarias que cubran outros aspectos e que tamén preveñan a marcación CE, esta última suporá que o PUE tamén é conforme co establecido nesoutras directivas.

ANEXO IV

Control interno do deseño

1. Este anexo describe o procedemento mediante o cal o fabricante ou o seu representante autorizado que cumpra as obrigas establecidas neste anexo, punto 2, garante e declara que o PUE satisfai os requisitos pertinentes da medida de execución aplicable. A declaración de conformidade poderase referir a un ou máis produtos e deberá ser conservada polo fabricante.

2. O fabricante elaborará un rexistro de documentación técnica que permita avaliar a conformidade do PUE cos requisitos da medida de execución aplicable.

A documentación incluírá, en particular:

- Unha descrición xeral do PUE e o seu uso previsto;
- Os resultados dos estudos de avaliación ambiental pertinentes realizados polo fabricante e as referencias á literatura ou os casos prácticos de avaliación ambiental que utilice o fabricante para avaliar, documentar e determinar as solucións do deseño do produto;
- O perfil ecolóxico se así o require a medida de execución;
- Os elementos da especificación de deseño do produto relativos a aspectos de deseño ambiental do produto;
- Unha lista das normas adecuadas a que se refire o artigo 10, aplicadas na súa totalidade ou parcialmente, e unha descrición das solucións adoptadas para cumprir os requisitos da medida de execución aplicable, en caso de que as normas mencionadas no artigo 10 non fosen aplicadas ou non cumpran totalmente os requisitos da medida de execución aplicable;
- Unha copia da información relativa aos aspectos de deseño ambiental do produto, que se facilitará de conformidade cos requisitos especificados no anexo I, parte 2;
- Os resultados das medicións relativas aos requisitos de deseño ecolóxico efectuadas, incluídos os detalles da conformidade destas medicións comparadas cos requisitos de deseño ecolóxico establecidos na medida de execución aplicable.

3. O fabricante deberá adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o produto se fabrique de acordo coas especificacións de deseño a que se refire o número 2 e os requisitos da medida aplicable.

ANEXO V

Sistema de xestión para a avaliación da conformidade

1. Este anexo describe o procedemento mediante o cal o fabricante que satisfaga as obrigas especificadas nel, punto 2, garante e declara que o PUE satisfai os requisitos da medida de execución aplicable. A declaración de conformidade poderase referir a un ou máis produtos e deberá ser conservada polo fabricante.

2. Poderase utilizar un sistema de xestión para a avaliación da conformidade dun PUE sempre que o fabricante aplique os elementos ambientais que se especifican neste anexo, punto 3.

3. Elementos ambientais do sistema de xestión.

Este punto especifica os elementos do sistema de xestión e os procedementos mediante os cales o fabricante pode demostrar que o PUE cumpre os requisitos da medida de execución aplicable.

3.1 Política relativa ao comportamento ambiental dos produtos.

O fabricante deberá poder demostrar a conformidade cos requisitos da medida de execución aplicable e proporcionar un marco para establecer e revisar os seus obxectivos e indicadores de comportamento ambiental con vistas a mellorar o comportamento ambiental xeral do produto.

Todas as medidas adoptadas polo fabricante para mellorar o comportamento ambiental xeral do PUE e para establecer o seu perfil ecolóxico, se así o exige a medida de execución, mediante o deseño e a fabricación deberán documentarse de forma sistemática e coherente en forma de instrucións e procedementos escritos.

Esas instrucións e procedementos deberán conter, en particular, unha descrición adecuada:

Da lista de documentos que se deberán preparar para demostrar a conformidade do PUE e, se for preciso, houberse que ter dispoñibles;

Dos obxectivos e indicadores de comportamento ambiental do produto e a estrutura organizativa, responsabilidades, competencias de xestión e asignación de recursos respecto da súa aplicación e mantemento;

Das probas e ensaios que se realizarán tras a fabricación para verificar o comportamento do produto en relación con indicadores de comportamento ambiental;

Dos procedementos para controlar a documentación requirida e garantir a súa actualización;

Do método de verificar a aplicación e eficacia dos elementos ambientais do sistema de xestión.

3.2 Planificación.

O fabricante elaborará e manterá:

a) Procedementos para establecer o perfil ecolóxico do produto;

b) Obxectivos e indicadores do comportamento ambiental do produto, en que se formularán as opcións tecnolóxicas tendo en conta os requisitos económicos e técnicos;

c) Un programa para conseguir estes obxectivos.

3.3 Execución e documentación.

3.3.1 A documentación relativa ao sistema de xestión deberá cubrir, en particular, o seguinte:

a) Definirse e documentarase as responsabilidades e competencias co fin de garantir un comportamento ambiental eficaz do produto e informar do seu funcionamento para a súa revisión e mellora;

b) Os documentos elaboraranse indicando as técnicas de verificación e control de deseño aplicadas e os procesos e as medidas sistemáticas utilizadas ao deseñar o produto;

c) O fabricante establecerá e manterá información mediante a cal describa os elementos ambientais esenciais do sistema de xestión e os procedementos de control de todos os documentos exixidos;

3.3.2 A documentación relativa ao PUE especificará, en particular:

a) Unha descrición xeral do PUE e do uso a que está destinado;

b) Os resultados dos estudos pertinentes de avaliación ambiental levados a cabo polo fabricante, ou as referencias á documentación ou aos casos de avaliación ambiental que fosen utilizados polo fabricante na avaliación, documentación e determinación das solucións de deseño do produto;

c) O perfil ecolóxico, se así o exixir a medida de execución;

d) Nos documentos describíranse os resultados das medicións relativas aos requisitos de deseño ecolóxico efectuadas, incluídos detalles da conformidade destas medicións en comparación cos requisitos de deseño ecolóxico establecidos na medida de execución aplicable;

e) O fabricante elaborará especificacións que indiquen, en particular, as normas que se aplicaron; se as normas a que se refire o artigo 10 non se aplican ou se non cumpren totalmente os requisitos da medida de execución aplicable, o medio utilizado para garantir o cumprimento;

f) Unha copia da información relativa aos aspectos ambientais do deseño do produto, que se facilitará de acordo cos requisitos establecidos no anexo I, parte 2.

3.4 Verificación e corrección.

a) O fabricante adoptará todas as medidas necesarias para garantir que o PUE sexa elaborado consonte as

características de deseño e os requisitos establecidos pola medida de execución aplicable.

b) O fabricante elaborará e manterá procedementos de investigación e tratamento dos casos de non-conformidade e introducirá os cambios nos procedementos documentados que deriven da acción correctora.

c) O fabricante realizará polo menos cada tres anos unha auditoría completa do sistema de xestión polo que se refire aos elementos ambientais.

ANEXO VI

Declaración de conformidade

A declaración CE de conformidade, redactada nalgunha das linguas oficiais da Unión Europea e preferentemente en castelán para os aparellos comercializados en España, deberá conter, cando menos, os seguintes elementos:

1. Nome e enderezo do fabricante ou do seu representante autorizado.

2. Descrición adecuada do modelo para a súa identificación inequívoca.

3. Se procede, referencias das normas harmonizadas aplicadas.

4. Se procede, as demais especificacións e normas técnicas aplicadas.

5. Se procede, a referencia a outra lexislación comunitaria, que prevexa a colocación da marcación CE, que se aplicase.

6. Identificación e sinatura da persoa autorizada a asinar a declaración vinculante xuridicamente en nome do fabricante ou do seu representante autorizado.

ANEXO VII

Contido das medidas de execución

A medida de execución incluirá, en particular:

1. A definición exacta do tipo ou tipos de PUE cubertos.

2. Os requisitos de deseño ecolóxico do PUE cuberto, a data de aplicación e as medidas ou os períodos transitorios ou provisionais,

No caso de requisitos xenéricos de deseño ecolóxico, as fases e aspectos pertinentes entre os mencionados no anexo I, partes 1.1 e 1.2, acompañados de exemplos dos parámetros entre os mencionados no anexo I, parte 1.3, como guía cando se avalíen as melloras relativas aos aspectos ambientais identificados;

No caso de requisitos específicos de deseño ecolóxico, o seu nivel.

3. Os parámetros de deseño ecolóxico recollidos no anexo I, parte 1, respecto dos cales non son necesarios requisitos de deseño ecolóxico.

4. Os requisitos relativos á instalación do PUE de teren unha pertinencia directa co comportamento ambiental considerado.

5. As normas de medición e métodos de medición que se utilizarán; de estaren dispoñibles, utilizaranse normas harmonizadas cuxos números de referencia se publicasen no «Diario Oficial de la Unión Europea».

6. Os detalles da avaliación de conformidade consonte a Decisión 93/465/CEE:

Se o módulo ou módulos que se van aplicar son diferentes do módulo A, os factores que levaron á selección dese procedemento específico;

De proceder, os criterios para a homologación ou certificación de terceiros.

Se noutros requisitos comunitarios para o mesmo PUE se establecen módulos diferentes, o módulo definido

na medida de execución prevalecerá para o requisito en cuestión.

7. Requisitos relativos á información que deberán facilitar os fabricantes e especialmente os elementos da documentación técnica que se precisan con miras a facilitar o control da conformidade do PUE coa medida de execución aplicable.

8. A duración do período transitorio durante o cal os Estados membros deberán permitir a comercialización ou posta en servizo do PUE que cumpra os regulamentos en vigor no seu territorio na data de adopción da medida de execución.

9. A data para a avaliación e posible revisión da medida de execución, tendo en conta a rapidez con que se producen os avances tecnolóxicos.

ANEXO VIII

Avaliación dos acordos voluntarios ou outras medidas de autorregulación

Ademais do requisito xurídico fundamental de que as iniciativas de autorregulación respectarán todas as disposicións do Tratado CE (en particular as relativas ao mercado interior e as normas de competencia), así como os compromisos asumidos pola Comunidade a nivel internacional, incluídas as normas comerciais multilaterais, poderase utilizar a seguinte lista non exhaustiva de criterios indicativos co obxecto de avaliar a admisibilidade das iniciativas de autorregulación como solucións alternativas a unha medida de execución no contexto deste real decreto:

1. Libre participación: os operadores de países terceiros poderán participar en iniciativas de autorregulación, tanto na fase preparatoria como na fase de execución.

2. Valor engadido: as iniciativas de autorregulación xerarán valor engadido (máis que garantir o mantemento dos valores habituais) en termos de mellora do comportamento ambiental global do PUE cuberto.

3. Representatividade: a industria e as súas asociacións que participen nunha acción de autorregulación representarán unha gran parte do sector económico en cuestión, co menor número posible de excepcións. Prestarase unha especial atención ao respecto das normas de competencia.

4. Obxectivos cuantificados e en escala: os obxectivos definidos polas partes interesadas estableceranse claramente e sen ambigüidades, comezando por unha liña de fondo ben definida. En caso de que a iniciativa de autorregulación abrangua un período prolongado, incluíranse obxectivos provisionais. Será posible controlar o cumprimento mediante obxectivos e metas (provisionais) de xeito abordable e crible, utilizando indicadores claros e fiables. A información sobre a investigación e os datos sobre os antecedentes científicos e tecnolóxicos facilitarán a elaboración deses indicadores.

5. Participación da sociedade civil: para garantir a transparencia, publicaranse as iniciativas de autorregulación, utilizando incluso a internet e outros medios electrónicos de difusión da información.

O mesmo reza para os informes de control provisionais e definitivos. As partes interesadas, en particular os Estados membros, a industria, as ONG que traballan no ámbito do ambiente e as asociacións de consumidores, terán a posibilidade de formular observacións sobre unha iniciativa de autorregulación.

6. Control e información: as iniciativas de autorregulación conterán un sistema de control ben definido, cunhas responsabilidades claramente identificadas para a industria e os verificadores independentes.

O plan de control e información será pormenorizado, transparente e obxectivo.

7. Relación custo/eficacia da xestión dunha iniciativa de autorregulación: o custo que deriva da xestión das iniciativas de autorregulación, en particular no que se refire ao control, non dará lugar a unha carga administrativa desproporcionada en comparación cos seus obxectivos e outros instrumentos políticos dispoñibles.

8. Sustentabilidade: as iniciativas de autorregulación responderán aos obxectivos políticos deste real decreto, incluído o enfoque integrado, e estarán en consonancia coa dimensión económica e social do desenvolvemento sustentable. Integrarase a protección dos intereses dos consumidores (saúde, calidade de vida ou intereses económicos).

9. Compatibilidade dos incentivos: existe a posibilidade de que as iniciativas de autorregulación non dean os resultados esperados en caso de que outros factores e incentivos —presión de mercado, impostos e lexislación nacional— lles envíen sinais contraditorios aos participantes no compromiso. A coherencia política é fundamental a este respecto e terase en conta á hora de avaliar a eficacia da iniciativa.

XEFATURA DO ESTADO

18475 *LEI 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.* («BOE» 255, do 24-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

O artigo 45 da Constitución reconece o dereito dos cidadáns a gozar dun ambiente adecuado como condición indispensable para o desenvolvemento da persoa, ao tempo que establece que quen incumpra a obriga de utilizar racionalmente os recursos naturais e a de conservar a natureza estará obrigado a reparar o dano causado con independencia das sancións administrativas ou penais que tamén correspondan.

Este mandato foi obxecto de desenvolvemento a través de diferentes normas xurídicas que, malia a súa extensión e actualización, non foron capaces de previr a produción reiterada de accidentes de diversa natureza que tiveron gravísimas consecuencias para o medio natural. Isto pon de manifesto a necesidade de contar cunha lexislación ambiental que instrumente novos sistemas de responsabilidade que preveñan eficazmente os danos ambientais e, para os casos en que estes cheguen a producirse, aseguren unha rápida e adecuada reparación.

A esta necesidade responde a Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade ambiental, en relación coa prevención e a reparación de danos ambientais, que esta lei traspón, incorporando ao noso ordenamento xurídico un réxime administrativo de responsabilidade ambiental de carácter obxectivo e ilimitado baseado nos principios de prevención e de que «quen contamina paga». Trátase, efectivamente, dun réxime administrativo na medida en que institúe todo un conxunto de potestades administrativas co exercicio das cales a Administración pública debe